

Deseños diferentes en función da orientación do dispositivo

Sumario

- 1 Introducción
- 2 Caso práctico
 - ◆ 2.1 XML layout vertical
 - ◆ 2.2 XML layout horizontal

Introdución

- Algúns dispositivos deixan rotar a pantalla, poñéndoa en posición horizontal-vertical (apaisado-retrato)
- Se queremos ter un deseño diferente para cada orientación, debemos de crear un cartafol dentro de ?res? de nome **/res/layout-land**.
- Aquí dentro poñemos os deseños que queiramos ter cunha orientación apaisada do dispositivo, mentres que deixaremos en **/res/layout** os deseños para unha orientación vertical.

Nota: no emulador, para cambiar a orientación debemos premer os botóns **CTRL+F11** ou **7** no teclado numérico, sen estar activado o teclado numérico.

- Antes de continuar abre a calculadora nun AVD ou no dispositivo real e cambia a orientación do dispositivo/AVD. Notas algunha diferenza cando o dispositivo está en Vertical a cando o está en Horizontal?.

Veremos máis adiante, na sección **Internacionalización**, como podemos xerar estes 'sufixos' de forma automática cando creamos o arquivo de recurso.


• Referencias:

- ◆ Diferentes pantallas: <http://developer.android.com/training/basics/supporting-devices/screens.html>

Caso práctico

- Crear o proxecto: **U2_40_Landscape**
- Crear en **/res** o cartafol **layout-land**.
- Definir o XML vertical
- Copiar o XML vertical á nova carpeta e modificalo segundo as necesidades.

• Cambio de orientación



Os ficheiros dos layouts para cada orientación



O dispositivo en vertical dispón os elementos de forma distinta



... a se está en apaisado

XML layout vertical

```
<LinearLayout xmlns:android="http://schemas.android.com/apk/res/android"
    xmlns:tools="http://schemas.android.com/tools"
    android:layout_width="match_parent"
    android:layout_height="match_parent"
    android:orientation="vertical"
    android:gravity="center" >

    <TextView
        android:layout_width="wrap_content"
        android:layout_height="wrap_content"
        android:textColor="#00F"
        android:textSize="18sp"
        android:text="O dispositivo está en posición vertical" />

    <Button
        android:layout_width="wrap_content"
        android:layout_height="wrap_content"
        android:onClick="oMeuMetodo"
        android:text="Botón 1" />

    <TextView
        android:layout_width="wrap_content"
        android:layout_height="wrap_content"
        android:gravity="center_horizontal"
        android:text="Esta etiqueta só se amosa cando o dispositivo está en vertical" />
```

```
</LinearLayout>
```

XML layout horizontal

- Observar que falta unha etiqueta, a disposición e distinta, etc.
- Neste caso os botóns en Vertical e en Apaisado chaman ao mesmo método.

```
<LinearLayout xmlns:android="http://schemas.android.com/apk/res/android"
    xmlns:tools="http://schemas.android.com/tools"
    android:layout_width="match_parent"
    android:layout_height="match_parent"
    android:orientation="horizontal" >

    <Button
        android:layout_width="wrap_content"
        android:layout_height="wrap_content"
        android:onClick="oMeuMetodo"
        android:text="Botón 1" />

    <TextView
        android:layout_width="wrap_content"
        android:layout_height="wrap_content"
        android:text="O dispositivo está en posición horizontal"
        android:textColor="#F0F"
        android:textSize="18sp" />

</LinearLayout>
```

-- Ángel D. Fernández González e Carlos Carrión Álvarez -- (2015).